

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17599 *Real decreto lei 25/2018, do 21 de decembro, de medidas urxentes para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras.*

I

A Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o feche de minas non competitivas, supón a transición, para o sector do carbón, das normas sectoriais ás normas xerais sobre axudas estatais aplicables a todos os sectores, e limita até 2018 a posibilidade de que os Estados membros concedesen axudas ás minas non competitivas para cubrir os custos relacionados co carbón destinado á produción de electricidade.

Para isto, o seu artigo 3 estableceu as condicións para que as axudas ás empresas destinadas especificamente a cubrir as perdas da produción corrente das unidades de produción poidan considerarse compatibles co mercado interior. En particular, exixiuse un plan de feche das unidades de produción non competitivas, de modo que puidese desenvolverse un cesamento ordenado das actividades mineiras nesas unidades de produción, que culminase, o máis tardar, o 31 de decembro de 2018.

Por outro lado, a referida Decisión 2010/787/UE do Consello, que recoñece que os Estados membros deben poder tomar medidas para aliviar as consecuencias sociais e rexionais do feche desas minas, estableceu, no seu artigo 4, a adopción de medidas complementarias encamiñadas a financiar custos excepcionais relacionados con eses feches, tales como os relativos aos procesos de redución dos cadros de persoal, que permitisen mitigar esas consecuencias. Esas actuacións serán aplicables durante o período de vixencia da norma, que expirará o 31 de decembro de 2027.

O Marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, acordado o día 31 de outubro de 2013 polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, coa central sindical FITAG-UGT, a Federación de Industria de CCOO, a Federación de Industria de USO e a agrupación de empresarios do sector, Carbunión, configurouse como instrumento de planificación das políticas públicas de reordenación do sector da minaría do carbón durante ese período, de conformidade co previsto na referida Decisión do Consello do 10 de decembro de 2010. Así mesmo, no citado plan recolléronse as distintas medidas destinadas a impulsar economicamente as comarcas mineiras. O Plan de feche do Reino de España para a minaría do carbón non competitiva no marco da Decisión 2010/787/UE foi autorizado pola Decisión da Comisión Europea do 27 de maio de 2016, C (2016) 3029 final, «Axuda Estatal SA 34332 (2012/NN)-España-Axudas destinadas a facilitar o feche de minas de carbón en España».

No entanto, a pesar dos importantes esforzos realizados polos últimos plans do carbón e o Marco de actuación 2013-2018 para incentivar actividades alternativas nas comarcas mineiras produtoras de carbón, actualmente estas comarcas manteñen un alto nivel de dependencia económica da industria mineira do carbón.

Mantense, por conseguinte, un volume aínda importante de traballadores no cadro de persoal, cunha dilatada experiencia profesional na minaría do carbón e un significativo desgaste físico, nunhas zonas onde existe un elevado índice de desemprego e limitadas oportunidades de reinserción laboral, o que, unido á situación crítica das empresas do sector, limita notablemente o mantemento dun certo nivel de emprego despois do 31 de decembro de 2018 nesas rexións.

Neste contexto, o Acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras para o período 2019-2027, subscrito o pasado 24 de outubro, polo Ministerio de Transición Ecolóxica coa central sindical

FI-UGT, a Federación de Industria de CCOO, a Federación de Industria de USO e a agrupación de empresarios do sector, Carbunión, establece as bases para unha transición xusta da minaría do carbón e un desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras «tendo en conta a situación do sector e a finalización das axudas destinadas a cubrir as perdas das explotacións mineiras, de acordo coas exixencias da normativa europea». Con este obxecto esténdese alén do 31 de decembro de 2018 o ámbito das medidas sociais amparadas polo artigo 4 da referida Decisión 2010/787/UE a fin de facilitar o seu acceso ao conxunto dos traballadores afectados, a un tempo que se manteñen, así mesmo, as medidas dirixidas a impulsar economicamente as comarcas mineiras e incentivar o emprego nos municipios mineiros afectados.

Por tanto, na data límite do 31 de decembro de 2018, as empresas que forman parte do citado plan de feche da minaría non competitiva deben poder optar a axudas que cubran os custos da redución dos seus aínda voluminosos cadros de persoal, conforme o citado artigo 4 e, asemade, deben garantirse, nesa data, ao conxunto dos cadros de persoal de excedentes da minaría do carbón as prestacións sociais financiadas con cargo a esas categorías de axudas ou, ao menos, o dereito a unha prestación contributiva por desemprego polo período máximo legal, na súa calidade de excedentes da industria mineira do carbón, como un modo de paliar a repercusión que a perda dos postos de traballo xera nesas zonas.

Mais para que a transición sexa xusta tamén é preciso asegurar, a partir de 2019, a continuidade da política de reactivación das comarcas mineiras, estendendo o seu ámbito de vixencia e facilitando o seu impulso económico mediante o desenvolvemento de novas infraestruturas, de proxectos de restauración do espazo natural afectado pola actividade mineira, ou ben de actividades económicas alternativas que favorezan a xeración de novos empregos.

Este real decreto lei responde, por tanto, á necesidade de afrontar unha conxuntura económica extraordinaria regulando con urxencia o marco xurídico que asegure unha transición xusta e garanta que na data límite sinalada se poida ter acceso ao conxunto de medidas descritas. Representa, por conseguinte, un instrumento constitucionalmente lícito e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal e como reiteradamente exixiu o Tribunal Constitucional, que acorrer a unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require de forma urxente unha acción normativa inmediata.

Tamén é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O real decreto lei é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e, igualmente, axústase ao principio de seguranza xurídica, ao ser coherente coa regulación da Unión Europea na materia. Os principios de necesidade e eficacia derivan do exposto nos parágrafos anteriores. Canto ao principio de transparencia, a súa regulación apóiase no citado acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras para o período 2019-2027, no cal participaron os distintos axentes sociais. E, finalmente, con respecto ao principio de eficiencia, ben que se aprecia un lixeiro aumento das cargas administrativas, estas en ningún caso resultan innecesarias.

II

Polo que se refire ao seu contido, as medidas agrúpanse en dous títulos e unha parte final que inclúe as disposicións necesarias para completar a regulación.

No título I establécese o réxime especial das axudas sociais, distinguindo entre as axudas por custos laborais para traballadores de idade avanzada e as axudas por custos laborais mediante baixas indemnizadas de carácter voluntario e flexibilizando as condicións vixentes de acceso con obxecto de dar cabida ao conxunto dos traballadores que manteñen o seu vínculo laboral coas empresas mineiras do carbón, considerados a 30 de xuño de 2018.

Para o non previsto expresamente realízase unha remisión expresa ao actual Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, que se modifica nalgúns aspectos e cuxo ámbito de vixencia se estende, a un tempo que se derrogan os artigos que se contradín co disposto nesta norma.

O título II posibilita as medidas necesarias para un desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras, introducindo a modificación do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, a fin de estender o seu ámbito temporal de vixencia alén do 31 de decembro de 2018 e permitir o desenvolvemento de actuacións desde a entrada en vigor desta norma.

Finalmente, recóllense unha serie de disposicións necesarias para completar a regulación, xa sexa incluíndo aspectos previstos no novo Acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras para o período 2019-2027, ou establecendo o réxime transitorio de axudas sociais amparadas por esta norma en relación cos procedementos xa iniciados no marco da anterior regulación, ou ese réxime respecto dos convenios de colaboración vixentes ou en tramitación.

En definitiva, en cada unha das medidas que se adoptan na presente norma concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei, dado que se deben adoptar con anticipación ao 31 de decembro de 2018.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Réxime especial de axudas sociais no sector da minaría do carbón

Artigo 1. *Axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada.*

1. Poderanse acoller a estas axudas as empresas mineiras incluídas no Plan de feche do Reino de España para a minaría do carbón non competitiva no marco da Decisión 2010/787/UE, susceptibles de ser beneficiarias, de conformidade co disposto no artigo 4 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, sempre que os seus traballadores reúnan os seguintes requisitos obxectivos, cuxo cumprimento se exixirá á data da solicitude:

a) A súa condición de traballadores con contrato indefinido na empresa solicitante a 30 de xuño de 2018.

b) Ter, ao menos, corenta e oito anos de idade equivalente, coa aplicación do coeficiente reductor que corresponda, ou 25 anos de cotización no réxime especial da minaría do carbón, ou, ao menos, 20 anos traballados nas empresas mencionadas, ben que, neste caso, o importe da axuda experimentará diferentes reducións en función do período de antigüidade acreditado.

c) Antigüidade na empresa en que causen baixa de, ao menos, tres anos consecutivos, contados á data da solicitude destas axudas.

d) Cotizacións ao réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social durante, ao menos, oito anos, ou antigüidade de oito anos, ao menos, en calquera dos cadros de persoal das empresas consideradas.

e) Os traballadores deberán acreditar, ao cumpriren a idade ordinaria de xubilación, conforme o previsto no artigo 205 e nas disposicións adicional primeira e transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, o período mínimo de cotización que se requira para acceder a ela en calquera dos réximes da Seguridade Social. No suposto de modificación normativa do período mínimo, o traballador que xa estea cobrando estas axudas teraas garantidas até que alcance a idade legal para acceder á súa xubilación.

2. A extinción da relación laboral que dará lugar a estas axudas poderá producirse con anterioridade ao 31 de decembro de 2018, ou dentro do prazo máximo dos 36 meses seguintes a esa data, para aqueles traballadores que realicen labores de feche e rehabilitación do espazo afectado polo feche da mina.

3. A cuantificación das axudas realizarase de conformidade co previsto no artigo 9 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, e garantirase o recoñecemento do setenta e dous por cento da media mensual da retribución salarial ordinaria bruta, considerando os seis meses efectivamente traballados anteriores á incorporación ao réxime establecido con estas axudas co rateo de pagas extraordinarias.

Non obstante, se en lugar da idade equivalente exixida se acreditaren, ao menos, 20 anos traballados nas empresas susceptibles de ser beneficiarias destas axudas, sobre a cantidade bruta garantida aplicarase unha porcentaxe de redución en función do período de antigüidade acreditado, do 10, 8, 6, 4 ou 2 por cento segundo sexan, respectivamente, 20, 21, 22, 23 ou 24 os anos traballados.

4. As solicitudes das empresas que desexen acollerse ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada poderán ser presentadas, xunto co resto de documentación exixida no artigo 10 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, en calquera momento a partir da entrada en vigor desta norma.

5. Non poderán causar dereito a estas axudas os traballadores que optasen pola baixa incentivada ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 1998 sobre axudas destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de modernización, reestruturación e racionalización da actividade das empresas mineiras do carbón; da Orde ECO/2771/2003, do 24 de setembro, sobre axudas destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de reestruturación e racionalización da actividade das empresas mineiras do carbón; ou da Orde ITC/2002/2006, do 15 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas por custos laborais mediante baixas incentivadas e das axudas destinadas a compensar os custos derivados do feche de unidades de produción de empresas mineiras de carbón, para os exercicios 2006-2012, salvo que poidan acreditarse 20 anos, como mínimo, de traballo na minaría do carbón e na actualidade sexan traballadores das empresas que poidan ser beneficiarias destas axudas.

Para isto, o traballador deberá achegar cotizacións suficientes para o recoñecemento da prestación contributiva por desemprego polo período máximo legal, ou por un período de 12 meses se fose incluído en procedementos de suspensión de contratos fundados en causas obxectivas, e ao calcularse a axuda, reduciráselle un 10 por cento da cantidade bruta garantida a que se refire o número terceiro deste artigo.

6. Os traballadores aos cales se concedese unha baixa indemnizada en virtude do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, poderán causar dereito a estas axudas sempre que manteñan a súa relación laboral coa empresa, exista renuncia expresa á súa concesión e a dita axuda non fose aboada polo organismo competente. A renuncia deberá achegarse xunto coa solicitude da axuda.

7. A aplicación desta medida rexerese, non previsto neste real decreto lei, polo referido Real decreto 676/2014, do 1 de agosto.

Artigo 2. *Axudas por custos laborais mediante baixas indemnizadas de carácter voluntario.*

1. Poderanse acoller a estas axudas as empresas mineiras comprendidas no Plan de feche do Reino de España para a minaría do carbón non competitiva no marco da Decisión 2010/787/UE, susceptibles de ser beneficiarias de conformidade co disposto no artigo 4 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, en relación cos traballadores que figuren no seu cadro de persoal a 30 de xuño de 2018, e sempre que reúnan os seguintes requisitos obxectivos, cuxo cumprimento se exixirá á data da solicitude:

- a) A súa condición de traballadores do cadro de persoal anterior ao 31 de decembro de 2017 en calquera das empresas mineiras privadas do carbón que figuran no citado plan de feche ou, ao menos, unha antigüidade no réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social superior a cinco anos.
- b) Cotizacións no réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social durante, ao menos, tres anos.
- c) A súa antigüidade na empresa en que causen baixa de, ao menos, un ano na data da solicitude.

2. Os traballadores que poidan causar dereito a estas axudas e contribúan nos labores de restauración, seguranza e clausura da explotación mineira poderán ver extinguida a súa relación laboral con posterioridade ao feche efectivo da unidade de produción o 31 de decembro de 2018, dentro do prazo máximo dos 36 meses seguintes a esa data.

3. Non terán dereito a estas axudas os traballadores que reúnan os requisitos para acceder ben á xubilación ordinaria, ou ben á prexubilación, ou que fosen beneficiarios dalgunha axuda por custos laborais mediante baixas indemnizadas ou para traballadores de idade avanzada entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo dos dereitos que os traballadores teñan fronte á empresa.

4. A cuantificación das axudas realizarase de conformidade co previsto no artigo 16 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, segundo o cal o importe da indemnización será o resultado de adicionar unha cantidade fixa de 10.000 euros, e outra variable, calculada individualmente para cada traballador, correspondente a 35 días de salario por ano traballado, rateando por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, cun límite de 30 mensualidades.

5. As solicitudes das empresas que desexen acollerse ás axudas sociais por custos laborais mediante baixa indemnizada poderán ser presentadas, xunto co resto da documentación exixida no artigo 17 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, en calquera momento a partir da entrada en vigor desta norma.

6. A aplicación desta medida rexerese, no non previsto neste real decreto lei, polo Real decreto 676/2014, do 1 de agosto.

Artigo 3. *Modificación do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón.*

O Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, modifícase nos seguintes aspectos:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 1, que queda redactado como segue:

«Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da concesión directa de axudas ás empresas que leven a cabo ou levasen a cabo unha actividade relacionada coa produción do carbón, a fin de que poidan cubrir certos custos

derivados da extinción dos contratos de traballo dos seus empregados como consecuencia do feche de unidades de produción de carbón destinadas á xeración eléctrica incluídas no Plan de feche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva, segundo o acordado no Marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras no período 2013 a 2018 e no Acordo marco para unha transición xusta da minaría de carbón e desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras para o período 2019-2027.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 2, que pasan a ter a seguinte redacción

«2. O ámbito temporal deste real decreto comprende os exercicios 2013 a 2025.

3. Con suxeición ao establecido na disposición adicional primeira deste real decreto, respecto á notificación destas axudas á Comisión Europea, as axudas concederanse, con cargo aos orzamentos de cada exercicio económico, desde o 1 de xaneiro de 2013 até o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as axudas por custos laborais para traballadores de idade avanzada outorgadas durante ese período poidan manterse para cada traballador nos exercicios orzamentarios necesarios até que alcance a idade ordinaria de xubilación, conforme o previsto no artigo 205 e nas disposicións adicional primeira e transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.»

Tres. Modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 9, así como os parágrafos primeiro e segundo do seu número 5, todos eles con obxecto de precisar a porcentaxe do 72 por cento, cuxa redacción queda como segue:

«2. Estas axudas garantirán o recoñecemento do 72 por cento da media mensual da retribución salarial ordinaria bruta, considerando os seis meses efectivamente traballados anteriores á incorporación ao réxime establecido para estas axudas co rateo de pagas extraordinarias.

Para estes efectos, consideraranse como efectivamente traballados os meses en que se traballase ao menos dezanove días, incluídas as vacacións desfrutadas e os permisos retribuídos.

Para o cálculo desta cantidade bruta garantida, terán a consideración de retribución salarial ordinaria bruta aqueles conceptos e importes que o traballador viñese percibindo habitualmente nos últimos trinta meses no desenvolvemento da súa actividade.

Excluíranse deste cálculo, ademais dos importes de carácter extrasalarial sinalados no artigo 26.2 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, as horas extraordinarias, traballos nocturnos e traballos en fin de semana ou outros que non respondan ao traballo desenvolvido de forma usual ou ordinaria, sexa cal for a denominación do concepto remuneratorio utilizada, sempre que o seu aboamento non sexa habitual. Entenderase que existe a habitualidade cando, nos trinta últimos meses de desenvolvemento da súa actividade, o reciba en ao menos o 50 por cento dos meses en que os poida percibir.

Os volumes e importes medios destes conceptos non poderán superar, cada un deles, en máis dun 5 por cento os volumes e importes medios destes mesmos conceptos nos doce meses anteriores ao período sobre o cal se realiza a valoración.

3. O cálculo inicial da cantidade bruta garantida non poderá desviarse, á alza ou á baixa, en máis dun 8 por cento do 72 por cento do salario medio dos doce meses anteriores ao período sobre o cal se realiza a valoración. Para estes efectos, computaranse os meses con quince ou máis días traballados, incluídas vacacións desfrutadas e os permisos retribuídos.

4. A cantidade bruta garantida final resultante non poderá exceder, en ningún caso, o 72 por cento da base máxima de cotización por contingencias por accidentes

de traballo e enfermidades profesionais do réxime xeral da Seguridade Social vixente na data en que se extinga a relación laboral, nin ser inferior ao 60 por cento da base normalizada correspondente á categoría en que cotizase o traballador no período dos seis últimos meses anteriores á data de extinción. Se o fixese en diferentes categorías, aplicarase a media das bases.

5. A determinación da cantidade bruta garantida será o resultado de adicionar, dun lado, as cantidades brutas que correspondan a cada traballador polo seu desemprego contributivo ou asistencial ou, se for o caso, a pensión bruta que lle corresponda polo recoñecemento, durante a percepción desta axuda, de calquera das situacións de incapacidade permanente previstas na lei, e, por outro, o complemento, que, sumado aos anteriores conceptos, conforman a garantía do 72 por cento bruto descrito anteriormente.

Igualmente, garantirase ao traballador o citado 72 por cento sempre que acredite a denegación inicial da prestación asistencial por desemprego antes citada. A solicitude inicial desta prestación fóra do prazo legalmente previsto provocará a perda desta garantía de salario durante o período que transcorra entre a finalización do referido prazo legal e a data de efectos desta prestación finalmente recoñecida.»

Catro. Modifícanse os parágrafos sétimo e oitavo da disposición adicional segunda, que quedan coa seguinte redacción:

«Os traballadores que formen parte do cadro de persoal propio, ao menos, desde o 30 de xuño de 2018, e causen baixa laboral no sector a causa do feche das unidades de produción das empresas do anexo sen reuniren as condicións exixidas para accederen ás axudas sociais por custos laborais dos parágrafos anteriores terán dereito, non obstante, como excedentes da minaría do carbón, ao recoñecemento, por unha soa vez, da prestación de desemprego de nivel contributivo polo período máximo legal, con independencia das cotizacións previas que teñan acreditadas e do período de prestacións que, se for o caso, percibisen até a data da referida situación legal de desemprego.

Os traballadores deberán reunir, en calquera dos supostos, o resto dos requisitos que se exixen para a percepción das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial.»

TÍTULO II

Medidas para un desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras

Artigo 4. *Modificación do Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira:

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 3, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. A concesión de axudas que favorezan o desenvolvemento alternativo mediante a execución de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas poderán ter carácter anual ou plurianual e financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A., vixentes en cada exercicio económico, no marco da política de desenvolvemento alternativo das

zonas mineiras do carbón prevista para os períodos 2013-2018 e 2019-2023, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

2. O pagamento dos compromisos adquiridos neses períodos estenderase até a finalización das actuacións e a data límite para o recoñecemento das axudas será o 31 de decembro de 2023.»

Disposición adicional primeira. *Traballadores da minaría do carbón en procesos de incapacidade permanente revisable.*

1. Cando se determine a reincorporación de traballadores en situación de incapacidade permanente á súa empresa, tendo transcorrido o período de suspensión de dous anos previsto no artigo 48.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, o afectado poderá dirixirse ao Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A. para solicitar a tramitación da modalidade de axuda social que lle corresponda, en calidade de excedente mineiro da unidade de produción de carbón en que desempeñaba o seu posto de traballo con anterioridade ao 30 de xuño de 2018, e en condicións análogas ás das empresas mineiras.

2. Para a aplicación desta medida as empresas mineiras que figuran no Plan de feche do Reino de España para a minaría do carbón non competitiva no marco da Decisión 2010/787/UE terán que comunicar ao citado organismo, no prazo dun mes contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a relación de traballadores do seu cadro de persoal respecto dos cales subsista a suspensión da relación laboral, con reserva do posto de traballo, durante un período de dous anos contado desde a data da resolución pola que se declarase a incapacidade permanente revisable.

Disposición adicional segunda. *Bolsa de traballo para excedentes da minaría do carbón.*

O Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A. xestionará unha bolsa de traballo á cal poderán acceder voluntariamente os traballadores excedentes da minaría do carbón que non sexan perceptores de prestacións sociais financiadas con cargo ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada, incluídos os traballadores das subcontratas vinculadas á minaría do carbón.

A dita bolsa de traballo facilitará o acceso a cursos formativos e de orientación que favorezan a súa incorporación ao mercado laboral.

Esa actividade deberá coordinarse e programarse no marco das competencias en materia de formación profesional para o emprego que teñen as comunidades autónomas implicadas.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das solicitudes de axudas sociais a favor dos traballadores da minaría do carbón.*

1. Poderán causar dereito ás axudas reguladas neste real decreto lei os contratos de traballo que fosen extinguidos polas empresas mineiras do carbón entre o 24 de outubro de 2018 e a súa entrada en vigor, sempre que concorran os requisitos establecidos nel e que a extinción se producise conforme o procedemento de despedimento colectivo previsto no Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, ou conforme o disposto no artigo 52.c) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e demais normas concordantes.

2. Así mesmo, será necesario que a comunicación do despedimento colectivo ou da extinción dos contratos advertise da substitución da indemnización legal que corresponda polas axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas, así como o compromiso da empresa de readmitir o

traballador no suposto de quedar excluído do anexo da resolución pola que se estime a concesión das referidas axudas. Esta readmisión terá os mesmos efectos legais que os previstos para os despedimentos declarados nulos.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos de despedimento colectivo dos traballadores da minaría do carbón e comunicacións á autoridade laboral.*

1. Se, na data en que se produzan as extincións dos contratos dos traballadores da minaría do carbón en virtude do procedemento de despedimento colectivo previsto no Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, non se incorporase a el a resolución de concesión de axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas, as empresas beneficiarias terán que comunicar á autoridade laboral a citada resolución, tan axiña como a reciban, así como a relación de todos os seus traballadores excedentes, con e sen dereito a tales axudas, con opción á prestación de desemprego de nivel contributivo polo período máximo legal.

A autoridade laboral dará traslado delas á entidade xestora das prestacións por desemprego, co obxecto do recoñecer, por unha soa vez, a prestación de nivel contributivo polo período máximo legal, de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei 4/1990, do 29 de xuño, con efectos da data da extinción efectuada en virtude do referido procedemento de despedimento colectivo.

2. No suposto de que a resolución de concesión de axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas exclúa algún traballador acollido ao procedemento de despedimento colectivo, a empresa readmitirá con carácter inmediato o traballador cos mesmos efectos legais dos despedimentos declarados nulos.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos procedementos de concesión de axudas sociais por custos laborais a favor dos traballadores da minaría do carbón.*

Aos procedementos de concesión de axudas sociais por custos laborais, mediante baixas indemnizadas ou para traballadores de idade avanzada, xa iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto lei non lles será de aplicación este e rexeranse pola normativa anterior.

Disposición transitoria cuarta. *Vixencia dos convenios de colaboración do período 2013-2018 adoptados ao abeiro do «Marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras no período 2013-2018».*

Os convenios marco de colaboración que fosen adoptados ao abeiro do «Marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras no período 2013-2018», cuxa vixencia expira o 31 de decembro de 2018, entenderanse prorrogados por un período de dous anos contado desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei, sen prexuízo de que poidan adoptarse durante o período 2019-2027 novos convenios marco de colaboración.

O establecido neste real decreto lei será de aplicación, igualmente, á execución dos convenios marco e convenios específicos cuxa tramitación se iniciase antes do 31 de decembro de 2018, ben que a súa duración non poderá ser superior a un prazo de dous anos contados a partir da vixencia da presente norma.»

Disposición transitoria quinta. *Ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o exercicio 2019.*

1. Con efectos exclusivos nos orzamentos xerais do Estado de aplicación no exercicio de 2019, o emprego dos ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, contido na disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, será o seguinte:

a) Para financiar os custos do sistema eléctrico previstos na Lei do sector eléctrico, referidos a fomento de enerxías renovables, até un importe de 1.000.000,00 miles de euros.

b) Para outras actuacións da política de transición xusta e de loita contra o cambio climático, até un importe de 100.000,00 miles de euros.

2. A disposición dos créditos do orzamento do Ministerio para a Transición Ecolóxica en que se concreten as achegas a que se refire o número anterior realizarase mediante libramentos mensuais por un importe máximo da cifra de recadación efectiva de ingresos por poxas de dereitos de emisión, no mes inmediato anterior, segundo certificación dos órganos competentes do Ministerio de Facenda e sempre que non se superen as cifras indicadas. A achega que teña que realizarse en función da recadación do mes de decembro efectuarase no exercicio seguinte.

3. Así mesmo, cando os ingresos efectivamente recadados por poxas de dereitos de emisión superen os créditos iniciais consignados nas aplicacións orzamentarias a que se refire o número 2 anterior, poderase xerar crédito até os límites que se fixan nos números 1.a) e 1.b) desta disposición. A autorización das xeracións de crédito e, se for o caso, dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizaranse por acordo do titular do Ministerio de Facenda.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto lei e, en particular:

a) Do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de feche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, o artigo 7, o número 1 do artigo 8, o número 9 do artigo 9 e os artigos 14 e 15.

b) Do Real decreto lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico, o seu artigo 7, referido a medidas excepcionais de carácter social e voluntario a favor de traballadores de empresas da minaría de carbón non competitiva, no período 2013-2018.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde IET/594/2014, do 10 de abril, pola que se aproban as bases reguladoras para os exercicios 2013 a 2018 das axudas destinadas especificamente a cubrir custos excepcionais que se produzan ou se producisen a causa do feche de unidades de produción de carbón incluídas no Plan de feche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde IET/594/2014, do 10 de abril, pola que se aproban as bases reguladoras para os exercicios 2013 a 2018 das axudas destinadas especificamente a cubrir custos excepcionais que se produzan ou se producisen a causa do feche de unidades de produción de carbón incluídas no Plan de feche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva:

Un. Modifícase o artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«O disposto nesta orde será aplicable ás axudas que se convoquen entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2025.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 10 nos termos seguintes:

«2. As empresas que, reunindo os requisitos exixidos nesta orde, desexen acollerse a estas axudas presentarán a súa solicitude, coa documentación que deba acompañala, no prazo de catro meses desde a data de eficacia da resolución da convocatoria, dirixida ao presidente do Instituto, na forma prevista no artigo 16.4.a)

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

Disposición derradeira segunda. *Cláusula de salvagarda para modificacións de normas de inferior rango.*

Mantense o rango das normas modificadas por este real decreto lei cando sexan de rango inferior a el.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1.7.^a, 13.^a e 25.^a da Constitución atribúe ao Estado en materia de lexislación laboral e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Isto non obstante, as previsións relativas ao réxime especial de axudas sociais a favor de traballadores excedentes da minaría do carbón contidas nos artigos 1, 2 e 3, así como nas disposicións transitorias primeira e segunda, producirán os seus efectos desde o día 24 de outubro de 2018, data de adopción do Acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras para o período 2019-2027.

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN